

## **PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DO ESTADIO MUNICIPAL DE SAN LÁZARO.**

### **1.- OBXECTO**

---

É obxecto deste contrato a prestación do servizo de vixilancia do Estadio Municipal de San Lázaro e campo de fútbol anexo de San Lázaro II que se levará a cabo cun sistema mixto de, por unha banda, vixilancia presencial por medio dun vixiante de seguridade uniformado e, por outra, a instalación e control dun sistema de televixilancia con resposta mediante servizo de acuda e claves, con estricte suxección ás condicións, requisitos, características básicas e unidades que se detallan no presente prego.

### **2.- REQUISITOS DO CONTRATISTA. RESPONSABILIDADES E OBRIGAS.**

---

Serán obrigas do adxudicatario as seguintes:

- a) Designar á fronte da prestación dos servizos a unha persoa idónea, cualificada e experimentada nos traballos obxecto do contrato. Esta persoa será a receptora de todas as ordes e avisos que curse o Concello de Santiago, responsabilizándose da súa inmediata e correcta execución.

Esta persoa estará permanentemente localizada ante a Concellaría de Deportes durante a xornada legal de traballo e, incluso, para notificacións de urxencia, en todo momento.

- b) Todo o persoal que o adxudicatario asigne ao servizo será contratado de acordo coa lexislación laboral vixente e ao convenio colectivo de aplicación, observando exactamente canto prevé a normativa respecto á seguridade, saúde e hixiene no traballo, estando debidamente acollidos os seus traballadores ao réxime legal de alta na Seguridade Social e cumprindo escrupulosamente coa restante normativa vixente ao respecto, en cada momento, durante a execución dos servizos.
- c) Responder dos danos que o persoal da empresa poida ocasionar no edificio, instalacións e mobiliario no que se desenvolvan as prestacións obxecto de contrato.
- d) Responder da axeitada corrección de respecto do persoal da empresa nas súas relacións cos diferentes usuarios, deportistas, adestradores e público en xeral, así como, cos funcionarios responsables dos servizos e inspección dos mesmos.
- e) Todos os documentos que se deriven deste contrato dirixidos a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, así como, os rótulos, avisos, sinais informativas, etc., que sexan precisas instalar no recinto obxecto deste servizo, estarán redactados en lingua galega.

### **3.- SERVIZO DE VIXILANCIA**

---

O servizo de vixilancia será de 15,30 a 00,30 horas nos días laborables, e preferentemente de 10:00 a 22:00 horas, é dicir 12 horas ininterrompidas, nos sábados, domingos e festivos, podendo modificarse este horario de tal xeito que as 12 horas poidan establecerse en franxas horarias diferentes (de 8 a 20 ou de 9 a 21) segundo necesidade do servizo, rematando sempre como máis tardar ás 22 horas. Este servizo estará composto por un vixiante de seguridade uniformado.

O servizo enténdese de protección e vixilancia de:

- A propiedade que inclúe o Estadio, o campo anexo de San Lázaro II e os seus bens.
- Control do cumprimento por parte dos usuarios das normas de seguridade e uso das instalacións deportivas e das dependencias administrativas, garantido que se cumpran as condicións que ao efecto determine o Departamento de Deportes do Concello de Santiago.
- Comunicación diaria por escrito das incidencias ao Departamento de Deportes, detallando o número de usuarios das dependencias deportivas, así como, aquelas cuestións de carácter extraordinario que puideran producirse ao longo da xornada.
- Apertura, peche e control de todas as portas exteriores do Estadio.
- Vixilancia e supervisión diaria dos espazos deportivos, garantindo que os equipamentos deportivos e dependencias se atopen en correcto estado de uso co fin de verificar que a actividade programada se vaia desenvolver en condicións óptimas de seguridade para os deportistas/usuarios. Especial atención merecen as porterías portátiles de fútbol que se atopan no campo de San Lázaro II.
- Control de acceso dos usuarios ás dependencias do Estadio segundo as normas que ao efecto determine o Concello de Santiago, con especial atención ás pistas de atletismo, campos de fútbol (San Lázaro I e II), ximnasio e aos locais de música para a xuventude, así como, a calquera outra dependencia que poida incorporarse ao longo do contrato e que obrigue a un control de asistencia.

#### **ESPECIFICIDADES DA VIXILANCIA DOS LOCAIS MUNICIPAIS DE MÚSICA PARA A XUVENTUDE.**

##### **1. Horarios**

- De luns a venres: de 16 a 24 horas.
- Sábados, domingos e festivos: de 10 a 21 horas.

##### **2. Funcións**

**2.a)** Apertura e peche das instalacións nos horarios sinalados.

**2.b)** Control da actividade:

- A través da cámara colocada no acceso e, ao finalizar a xornada, supervisión de que todo está pechado e os aparellos desconectados da rede. O persoal de seguridade da empresa concesionaria do servizo deberá poñer en coñecemento da Concellaría de Xuventude calquera desperfecto ou incidencia, deixando

constancia escrita dos problemas detectados na supervisión realizada tanto ao inicio como ao peche das instalacións. Cando o desperfecto impida o desenvolvemento normal da actividade, o persoal de seguridade deberá poñelo en coñecemento deste servizo con carácter inmediato.

- Utilización dun parte de **asistencia diaria**. Todos os grupos teñen a obriga de dirixirse ao persoal de seguridade e cubrir o parte de asistencia, de entrada e saída das instalacións. O persoal de seguridade comprobará a autorización dos grupos, de acordo co calendario mensual elaborado pola Concellaría de Xuventude e facilitará as chaves de acceso ás instalacións aos grupos debidamente identificados e acreditados, rexistrando a súa entrada e saída nun parte diario de asistencia.
- Nos casos nos que o persoal de seguridade teña que ausentarse do lugar habilitado para efectuar dito control máis de 20 minutos, deberá comunicalo aos grupos, deixando un aviso e indicando o número de teléfono móbil ao que deben dirixirse para notificarlle a súa presenza.
- Mensualmente se facilitará á Concellaría de Xuventude o expediente completo dos partes de asistencia para realizar o seguemento dos grupos, ou calquera outra información que sexa requirida por este servizo municipal.
- Disponibilidade e control dun **parte de incidencias** que cubrirán os usuarios, no caso de que se detecte nos locais algunha deficiencia e que, deberán entregar ao persoal de seguridade ao finalizar a actividade. Remitirase á Concellaría de Xuventude mensualmente.

2.c) Velar polo cumprimento da normativa de Uso dos Locais Municipais de Música para a Xuventude aprobada polo Concello de Santiago de Compostela.

#### **4.- SEVIZO DE TELEVIXILANCIA**

---

Para o servizo de televixilancia é precisa a instalación dun sistema de detección e intrusión que controle todas e cada unha das portas de acceso ao recinto. Este detectará tanto a apertura das portas como o paso de persoas. Ademais estará reforzado cun sistema de Circuito pechado de Televisión que dará cobertura a estas portas e ao hall de acceso ao Estadio.

A maiores do sistema descrito, instalaranse uns sensores distribuídos estratexicamente para detectar a circulación polos corredores de acceso ás bancadas, formando parella cada un destes sensores con outro situado no paso das bancadas ao andar inmediato inferior, de xeito que, cumprindo coa vixente Lei de Seguridade, sexan determinados como secundarios e xeren un aviso de alarma só cando concurran alarmas de ámbolos dous sensores. O mesmo que nas entradas, estará reforzado e integrado no Circuito pechado de Televisión.

Todos estes sistemas estarán centralizados nun Centro de Control, no cal se instalarán os equipos de xestión de alarmas e grabación de imaxes. A central de intrusión será bidireccional e permitirá o control desde a Central Receptora de Alarmas, así como posibilitará o acceso ás imaxes, tanto en tempo real como grabadas.

A transmisión realizarase principalmente mediante liña ADSL , actuando a liña RTB como liña de reserva.

A instalación contará cun sistema de transmisión alternativo á liña RTB, mediante un transmisor celular, por liña móbil, á Central Receptora de Alarmas, para poder garantir a comunicación das alarmas no caso de fallo ou sabotaxe da liña telefónica.

Todo este sistema estará conectado ca Central Receptora de Alarmas e enlazado cun servizo de acuda, que incluíra o desprazamento dun vixiante de seguridade á instalación en caso de alarma.

#### CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DOS EQUIPOS.

Os sensores de apertura de portas (45 unidades) deberán ser, dadas as características construtivas das mesmas, de gran potencia, do tipo magnético para portas abatibles, compatibles coa Central de Control.

Os sensores de presenza e de paso de persoas (58 unidades) en portas, zonas de paso, acceso ás bancadas e descansillos das escaleiras, serán do tipo infravermello pasivo dúal, franxa animais pequenos con cobertura de ángulo cero e cun alcance de 15 x 18 metros en abanico de 141º.

A Central de Control de todos os elementos contra a intrusión será híbrida, multiplexada e bidireccional. Terá unha capacidade mínima de 128 zonas multiplexada. Dadas as distancias de cableado necesarias para toda a instalación, será necesario a instalación de dous amplificadores de bus multiplexado.

Convenientemente distribuídas polo Estadio, instalaranse catro sirenas electrónicas bitonais de alomenos 115 dB de potencia, alimentación 12/24 V.

O sistema de reforzo ao corte ou sabotaxe da liña telefónica RTB será un transmisor telefónico celular, que permitirá o envío de mensaxes sms coa posibilidade de indicación do estado do equipo e transparente ao resto da instalación telefónica.

En canto os equipos de CCTV, existirá unha (1) cámara exterior que controlará o acceso directo ao campo e pistas de atletismo, que será de alta resolución, en cor, con tecnoloxía CCD 1/3" e formato PAL. Terá unha iluminación mínima de 0,5 lux, compensador de contraluces e estará provista cunha carcasa para exteriores, con parasol e calefactor intelixente de potencia variable.

As cámaras de interior (31 unidades) deberán cumprir uns requisitos mínimos de calidade imprescindible, e serán do tipo minidomo en cor, alta resolución, balance automático e 0,5 lux de iluminación mínima e balance automático.

Terán conmutación día/noite, cor/branco e negro, carcasa de alta resistencia e parafusos antiroubo. Con lente integrada, autoiris, requiremento de iluminación mínima de 0,5 lux en cor e de 0,1 lux en branco e negro, balance automático de brancos e compensación de contraluces.

A grabación e transmisión de imaxes terá unha distribución tal que a avaría dun equipo non supoña a anulación de todo o sistema, polo que é necesario o reparto de todas as cámaras en dous ou máis grabadores-transmisores dixitais de vídeo, coas entradas suficientes para todas as cámaras, e que permitirán a grabación local e a transmisión de imaxes á Central Receptora de Alarmas, para verificación visual de alarmas e visualización remota de imaxes gravadas. Dentro das súas características técnicas deberán cumprir as seguintes: Grabación en disco duro, entradas de vídeo e alarmas para todas as cámaras, comunicación entre grabador e CRA a través de liñas convencionais rtc/rdsi ou ben tcp/ip con conexión a unha rede local Lan; visualización directa ou mediante conexión remota de 16 cámaras asociadas, con grabación simultánea de todas as cámaras, en condicións e frecuencias de grabación independentes para cada cámara; en sinal de alarma, chamada á CRA e envío automático das imaxes de alarma, incluídas as imaxes previas e posteriores á activación.

A visualización local das imaxes será a través de 4 monitores de TV de 17" de cor TFT, coa carcasa metálica e resolución 1280 X 1024 e soporte de mesa.

Un (1) equipo informático composto por un ordenador persoal de sobremesa e unha impresora, coas características mínimas que se indican de seguido:

Ordenador de sobremesa: Procesador con arquitectura X-86/x64 (mínimo Intel Core I3 ou compatible), Memoria RAM 4 GB DDR-3, Disco duro 250 GB SATA 7.200 rpm, 6 Portos USB 2.0, con algún porto accesible desde o frontal. Monitor LED 19" ou superior, teclado español compatible Microsoft Windows coa tecla "euro" e rato óptico con dous botóns e roda de scroll. Tarxeta de rede Gigabit Ethernet 1000 (Compatible 10/100) e tipo de unidade óptica: DVD Super Multi DL. Sistema operativo Microsoft Windows 8 Professional preinstalado cos últimos Service Packs e parches instalados. Paquete ofimático Microsoft Office Professional 2013 cos últimos Service Packs e parches instalados. Nivel de ruído en repouso máximo de 30 dB

Impresora: Tipo Láser Monocromo; Bandexas: 1 Tamaño: A4; conexión USB 2.0

Volume de 250 a 1.500 páxinas por mes

Velocidade mínima de 18 páxinas por minuto e calidade de impresión óptima: 600x600 ppp.

## **5.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS**


---

**Todos os equipos a instalar serán de nova adquisición** debendo cumprir como mínimo coas características básicas e unidades que se recollen no presente prego.


**Unha vez finalizado o período de contrato, todos os equipos instalados quedarán en propiedade do Concello de Santiago.**

Por último, salienta que a empresa adxudicataria terá un prazo de 30 días para poñer operativo o servizo de videovixilancia en base ás características técnicas ofertadas. Durante o tempo da montaxe, deberá de garantir a vixilancia do Estadio definindo un sistema que terá que contar co visto e prace do Concello de Santiago.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2014



**Asdo.: Luis Alberto López García**  
INSPECTOR TÉCNICO DE SERVIZOS



**Asdo.: Juan C. Garabato Rodríguez**  
TECNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA